

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BETANZOS

Convocatoria para cesión de postos no Mercado Municipal de Abastos

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local deste Concello, en sesión ordinaria realizada o día 13 de setembro de 2018, entre outros, adoptou acordo de iniciar nova convocatoria para a cesión de postos e pranchas do mercado municipal de abastos, que se rexerá polo mesmo prego aplicado para a anterior convocatoria, aprobado polo devandito órgano municipal (xunta de goberno) en sesión de 10 de maio de 2012 e que foi publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 112, de data 14 de xuño, coas modificacións ao artigo 5.º aprobadas pola Xunta de Goberno Local en sesión de 26-01-2017 (BOP n.º 27, do 8-02-2017) e a seguinte modificación do Anexo I do prego de condicións para a cesión dos postos seguintes no mercado municipal de abastos:

“A) Destinados a peixe ou outros usos: pranchas núms. 1, 2, 3, 4, 5, 15, 16, 17, 18, 19, 20, 21 e 22. Terán preferencia os destinados a peixes. Os que queden poderanse destinar a outro tipo de usos.

B) Destinados a froitas, verduras, carnes e embutidos, etc: postos núms 1, 3, 5, 6.”

Normas da oferta:

- 1.–Cada solicitante só poderá optar a un dos postos.
- 2.–No caso de que quede algún posto vacante, cubrirase no seguinte proceso de adxudicación.
- 3.–No momento da formalización da adxudicación, os concesionarios aborarán o primeiro mes da taxa completo segundo a contía que estableza a ordenanza municipal correspondente.

Betanzos, 24 de setembro de 2018.

A ALCALDESA

Asdo.: María Barral Varela

2018/7022